



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 29 de xuño de 2023.

Asunto: Lista definitiva de admitidos do proceso selectivo para a contratación de un (1) peón forestal, persoal laboral temporal, para os traballos mecanizados de prevención e defensa contra incendios forestais, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión de un (1) peón forestal, persoal laboral temporal, para os traballos mecanizados de prevención e defensa contra incendios, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023-176, e publicada a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 140, do 20 de xuño de 2023.

Visto que non se presentaron solicitudes para o proceso selectivo de un (1) peón forestal, persoal laboral temporal, para os traballos mecanizados de prevención e defensa contra incendios, a xornada completa (100%), cunha duración de tres (3) meses.

Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar deserta a praza de un (1) peón forestal para traballos mecanizados á vista de que non se presentou ningunha solicitude para dito proceso.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 29 de xuño de 2023.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

